Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 5 DE XUÑO DE 2023 | LUNES, 5 DE JUNIO DE 2023 | BOP NÚMERO 105

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Aprobación inicial do suplemento de crédito 1/2023

EDICTO

Aprobación inicial do suplemento de crédito 01/2023

O Pleno Municipal do Concello de Rianxo, na sesión extraordinaria do 25/05/2023, acordou aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito 01/2023 para o financiamento a través de préstamo da achega municipal para a obra de rehabilitación do Pazo de Martelo e os seus gastos técnicos complementarios.

En cumprimento dos artigos 177.2 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público na Secretaría do concello, polo prazo de 15 días hábiles, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edito no BOP, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Non obstante, a disposición adicional sétima do Real Deceto-lei 36/2020, do 30 de decembro, modificada pola disposición final 31.8 do Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo introduce unhas disposicións específicas na xestión dos créditos orzamentarios das entidades locais, destinados a proxectos financiados con fondos europeos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Segundo este precepto, a aprobación inicial deste suplemento de crédito é inmediatamente executiva, sen prexuízo das reclamacións que se promovan contra ela. As reclamacións deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes aos da súa presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución dentro do dito prazo.

Rianxo, 30 de maio de 2023

O alcalde en funcións,

Adolfo Muíños Sánchez

2023/4294

Número de anuncio 2023/4294